



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ASSOCIAÇÃO RECREIO DOS ANCIÃOS PARA ASILO DA VELHICE DESAMPARADA DE RÍO DE JANEIRO (BRASIL), PARA CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DOS CIDADÁNS GALEGOS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Associação Recreio dos Anciãos para Asilo da Velhice Desamparada de Río de Janeiro (Brasil) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 15 de outubro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes co fin de contribuír á atención das necesidades socio asistenciais básicas dos cidadáns galegos residentes na Associação Recreio dos Anciãos que por razón de idade e/ou circunstancias socio familiares, residan en dito centro.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

En Río de Janeiro (Brasil) reside unha amplísima colonia de galegos e de seus descendentes, na súa maioría maiores, que están a sufrir unha situación socio económica que xera un deterioro do seu nivel de vida que se está a agravar debido a falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e asistencial para este colectivo.





A Associação Recreio dos Anciãos para asilo da Velhice desamparada, en adiante Associação Recreio dos Anciãos, constitúese como unha entidade benéfica fundada no ano 1940, por emigrantes e destinada a acoller anciáns temporal ou permanentemente de xeito gratuíto dando prioridade aos necesitados e anciáns. A acollida inclúe alimentación, vestiario, servizos médicos, etc, mellorando así o aspecto social, emocional e psicolóxico.

Nas súas instalacións, en propiedade, conta con 250 habitacións, teatro, capela, biblioteca e unha ampla área de espaxamento.

A Associação Recreio dos Anciãos é a única institución, no seu ámbito xeográfico, destinada a acoller anciáns de orixe galego ou descendentes destes de xeito gratuíto.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrencia pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de dar apoio aos emigrantes galegos, residentes en Brasil, que por cuestións de idade e/ou circunstancias socio familiares, presentan problemas asociados e derivados desta circunstancia persoal.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o





recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 11 de xullo de 2016.

